



- Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:
 - A atmosfera terrestre está formada por unha mestura de gases que se distribúen de xeito homoxéneo ata os 80 km de altitude.
 - A proporción de vapor de auga é constante en toda a atmosfera.
 - A meirande parte dos fenómenos meteorolóxicos danse na estratosfera.
 - A principal causa do efecto invernadoiro é a radiación ultravioleta.
 - Na troposfera a temperatura aumenta coa altura.
 - A temperatura é un factor que inflúe na presión que exerce a atmosfera sobre a superficie terrestre.
 - A circulación atmosférica distribúese en tres células convectivas principais en cada hemisferio.
- os ventos alisios son movementos de aire que se producen nas zonas polares.
- No caso de que as afirmacións sexan falsas, escribe a frase correcta.

- observa o seguinte esquema da estrutura da atmosfera e indica cales son as zonas nas que se divide.



- ¿Que criterio seguiches para establecer estas divisións?

- ¿por que son máis frecuentes as néboas no inverno ca no verán?
- ¿Que significa que a humidade relativa do aire é do 50%?
 - ¿Que ocorre co valor da humidade relativa se aumenta a temperatura? ¿E se descende? Razona a túa resposta.
- Explica as principais características da troposfera e os principais fenómenos que se producen nela.
- Enumera as características da atmosfera que permiten o desenvolvemento da vida. Describeas brevemente.
- Explica a función do CO₂ no efecto invernadoiro natural.
- Define os conceptos seguintes:
 - Nube
 - Barómetro
 - Albedo
 - vento
 - célula convectiva
 - Gradiente de presión
- o seguinte debuxo representa a circulación dos ventos alisios no hemisferio norte.



Formade parellas para preparar unha exposición sobre a formación destes ventos, tendo en conta:

- cómo se forman as zonas de baixas e altas presións entre as que se sitúan os ventos alisios e a qué latitudes corresponden.
- o tipo de circulación do aire que se xera por causa destas diferencias de presión.
- cál é o papel da rotación terrestre na circulación dos ventos do hemisferio norte.

podedes facer un esquema para explicar cada un dos puntos indicados. consultade as páxinas 59 e 60 da unidade.